

COMO OS NOSOS PAIS

[Laís Bodanzky, 2017]

426

ESTREA EN NUMAX: 10.08.2018 | V.O.S.E. | +7

Como Nossos Pais (2017, 102')

Dirección: Laís Bodanzky

Guión: Laís Bodanzky, Luiz Bolognesi

Elenco: Maria Ribeiro, Paulo Vilhena, Clarisse Abujamra, Felipe Rocha, Sophia Valverde, Jorge Mautner, Annalara Prates

Son: Eduardo Laroca

Montaxe: Rodrigo Menecucci

Vestuario: Cássio Brasil

Dirección de arte: Rita Faustini

Música: Ant3nio Pinto

Fotografía: Pedro J. Márquez

Produtora: Gullane Filmes (Brasil)

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Portugu3s

FILMOGRAFÍA

Las mejores cosas del mundo, 2010

Chega de saudade, 2007

Bicho de siete cabezas, 2001

PREMIOS E FESTIVAIS

Premio Platino 2018 (Nomeado ao

Premio Cinema e Educaci3n en

Valores), Berlinale 2018 (Secci3n

oficial), Seminci 2018 (Secci3n oficial)

SINOPSE

Rosa 3 unha muller que s3 arela ser perfecta, no seu traballo e como nai, filla, esposa e amante. Canto m3is se esforza, m3is sente que o est3 a facer mal. Rosa vese atrapada polas esixencias de d3as xeraci3ns, at3 que un d3a s3a nai deixa caer unha bomba e Rosa comeza a redescubrir o seu verdadeiro eu.

«Un traballo impresionante, inesperado e delicado, cunha actuaci3n finamente cincelada de Maria Ribeiro»

THE HOLLYWOOD REPORTER



Notas da directora

Como os nosos pais nace do desexo persoal de retratar as persoas da miña xeración que se atopan divididas entre dous roles: pais dos nosos fillos e fillos dos nosos pais. Decidín estudar este tema a través dunha protagonista feminina que é á súa vez nai, filla, esposa e amante. Rosa busca o equilibrio entre os distintos roles que a xeración da súa nai conquistou para as mulleres e que na actualidade a muller se sente obrigada a dominar. Cando saborea o éxito como nai nun día concreto, fracasa no seu rol profesional. Cando medra como amante, *Rosa ama de casa* sofre como consecuencia diso, cando a muller traballadora triunfa, a esposa ou a nai caen en picado. Agora, aos seus corenta, Rosa debe facerse algunhas preguntas concretas transcendentais: de onde vimos? Que me fai ser eu? Quen son? Esta busca interior repercute fondamente en todas as súas relacións e a leva a descubrir unha nova etapa da súa historia vital.

Publicado en surtseyfilms.es

“A relación entre mulleres tense estudado pouco no cinema”

Entrevista con Laís Bodanzky

Hai canto e como xurdiu a idea de dirixir un filme sobre este tema? Desde hai tempo fun tomando notas de conversas

con amigos e lendo artigos en revistas e en internet sobre esta muller actual e contemporánea que debe desenvolver unha morea de roles ao mesmo tempo. Así que me resulta complicado precisar o momento en que naceu a idea. Foi cocéndose aos poucos e, de súpeto, estaba lista para se desenvolver como argumento. A miña fonte de inspiración para este proxecto aproximouse á miña vida diaria. Realicei un gran labor de investigación, pero todo estaba ao meu alcance. O único que tiña que facer era chamar á porta do veciño para atopar a historia.

Que a atraeu en maior medida da historia do filme? O proxecto nace en primeiro lugar para relatar a historia desta muller contemporánea que desafia a maneira en que vivimos os roles hoxe en día. Ao longo do proceso de pesquisa, desenvolvemento da trama e creación do guión, decátome de que este filme agocha un segundo tema tan importante como o da muller actual, e é a relación entre as mulleres e, sobre todo, entre nai e filla. Este é un tema que eu mesma coñecía pouco porque estamos afeitas a falar máis da importancia da figura masculina, o home na vida da muller, a relación entre o pai e a filla. Porén, o tema da relación entre mulleres tense estudado pouco no cinema, a literatura, os documentais, a revista e a prensa. Non me refiro ás relacións sexuais entre mulleres, pois considero que xa hai bastante material ao respecto, senón as relacións cotiás. A miúdo nos torturamos entre nosoutras. Non nos axudamos, non somos solidarias, somos competitivas. Nunca me parara a pensar en profundidade e de maneira psicanalítica por que nos relacionamos dese xeito entre

nós. Foi unha grata sorpresa descubrir que precisamos falar sobre nosoutras. Trátase dunha maneira de mudar o *status quo*.

Publicado en surtseyfilms.es

O empoderamento dunha muller

Por Sergio F. Pinilla

Co foco fóra da problemática social e económica que asola Brasil, acariciando antes aquelas temáticas recoñecidas como universais pola colectividade dominante, léase identidade, familia e amor, *Como os nosos pais* aproxímase á crise existencial de Rosa, una *superwoman* (muller, nai e esposa) interpretada pola televisiva Maria Ribeiro que observa como o seu mundo treme cando a súa nai lle revela un segredo crucial da súa ascendencia xenealóxica. (...) Máis ca no feminismo de Simone de Beauvoir, cuxos postulados encarna a medio irmá Caru, o personaxe de Rosa encontra continuidade na Nora de *Casa de muñecas*, e por iso o seu empoderamento é froito máis da sensatez que da rabia contida. *Como os nosos pais* é antes feminina que militante e aposta por unha convivencia na que deberan prevalecer valores como a solidariedade, a honestidade e o respecto mutuo. Que cunda o exemplo.

Publicado en <http://cinemania.elmundo.es>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!